



A CREACIÓN DA ACTUAL ESCALA DE NOTAS

Xa no século VI a. C., establecera Pitágoras a relación dos principais intervalos tonais. Por iso os antigos sabían que unha corda dúas veces máis longa que outra, con igual calibre e tensión, producía os sons unha oitava máis grave e combinacións de quinta e cuarta perfectas.

Tres séculos antes da era cristiá inventaron os gregos un sistema de notación a base de letras.


Sobre o ano 800 da nosa era, xurdiu en Europa a idea de sinalar no papel as variacións dunha melodía mediante signos ascendentes ou descendentes. Despois de moitos ensaios nos mosteiros cunha soa raia amarela para indicar a posición da nota central da melodía,

empregaron as letras A B C D E F G como notas, hoxe en día usadas en Alemaña e nos países anglosaxóns.

Guido de Arezzo, monxe beneditino do século XI, perfeccionou o sistema; ao principio engadiu dúas raias negras á pauta amarela. Pero culminou o seu traballo baseándoo nun grupo de catro liñas (tetragrama) horizontais e paralelas entre as cales e sobre as cales el escribía as notas.

Da primeira sílaba dos versos do Himno de San Xoán sacou Guido o nome das sete notas:

UT queant laxis
REsonare fibris
MIra gestorum
FAMuli tuorum
SOLve polluti
LABii reatum
Sancte Ioannes.



A UT, por eufonía, cambiouse a DO, e o SI tomouse das iniciais de Sancte Ioannes.

ANUSKA LAÍÑO. B2B

SOPA DE LETRAS

Busca na sopa de letras o nome de 8 instrumentos musicais



R	Q	P	O	P	L	K	L	M	N	Ñ	G	L	M	N	M	I	B
C	D	E	N	A	B	F	G	H	I	J	A	L	O	C	A	H	O
A	B	G	U	N	C	L	C	P	R	I	I	L	M	N	R	G	M
D	C	B	O	D	L	P	Q	P	Q	R	T	Q	R	S	A	M	B
P	S	P	H	E	L	L	D	L	M	Ñ	A	B	M	C	C	L	O
R	C	Q	R	I	D	C	G	A	I	T	P	B	A	C	S	R	O
A	C	O	T	R	I	A	N	G	U	L	O	O	R	I	I	I	R
T	L	M	E	E	N	Ñ	T	O	P	Q	R	S	A	O	P	Q	B
O	L	M	N	T	L	M	A	T	U	V	L	L	C	L	L	L	M
S	G	H	I	A	J	K	M	X	Z	G	H	A	A	L	M	Ñ	A
A	G	A	O	N	O	F	O	L	I	X	A	A	S	G	H	A	T